Concello de Cangas

ARACELI GESTIDO RODRIGUEZ (1 para 1)
Alcaldesa
Data do Sinatura: 05/06/2024
HASH: 14759293c8a6c253a65732526c7199395

-BANDO-

Bando recordatorio da obriga de desbroce e limpeza de parcelas.

ARACELI GESTIDO RODRÍGUEZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE CANGAS, por medio do presente Bando traslado ás persoas con propiedades na nosa Vila:

Que nos pasados meses enviáronse comunicacións ás persoas propietarias de parcelas nas franxas secundarias para o recordatorio da obriga de limpeza e mantemento das mesmas para a prevención de incendios, pero non podemos esquecer que o período máis perigoso está por vir, posto que as condicións climatolóxicas propias do verán incrementan o risco de incendios.

Todas as persoas con propiedades independentemente do tipo de solo no que se sitúen estas (urbano, urbanizable ou rústico) teñen a obriga de proceder ao desbroce e a limpeza das mesmas para evitar o risco de incendios e as posibles afectacións ás parcelas colindantes. A **limpeza e coidado das parcelas** de particulares é unha **obriga das persoas** propietarias e/ ou usuarias destas. A persoa titular ou beneficiaria das parcelas, ten o deber de mantelos nun estado de limpeza coa masa vexetal rozada .
A execución dos traballos estenderase sobre unha **franxa perimetral**:

- De 50 metros arredor das vivendas, onde non poderá haber as especies sinaladas como pirófítas (piñeiros, acacias, eucaliptos, toxos, xestas, silvas ou fentos).

- De de 10 metros o redor dos viais, onde non poderá haber as especies sinaladas como piró-fítas (piñeiros, acacias, eucaliptos, toxos, xestas, silvas ou fentos).

Advertimos de que o feito de non cumprir coas obrigas de ornato, seguridade e salubridade, levará consigo a apertura dun expediente sancionador e/ou expediente de execución coa imposición de multas coercitivas que poden acadar os 1.000€ cada unha.

Aproveitamos a ocasión para agradecer de antemán a vosa colaboración e responsabilidade. O que se fai público para xeral coñecemento.

Asinado dixitalmente á data que figura na marxe .

Cod. Validación: AQL3MCJRD9K7HJWM5T2X6AKHZ
Comprobación: https://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1